



falaRedes

programa de dinamización lingüística

TIC TAC TOC

A sexta edición do programa de dinamización lingüística FalaRedes, que impulsa a Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, a través da Secretaría Xeral de Política Lingüística, presenta a segunda das súas actividades: Tic Tac Toc, que chegará de marzo a maio a dezanove localidades da Rede de Dinamización Lingüística (RDL) da Xunta de Galicia.

Tic tac toc

A música, con todo o seu potencial para a aprendizaxe e a transmisión afectiva das linguas e das palabras, non podía faltar na actividade que FalaRedes lles dedica aos máis pequenos: un concerto para nenos e nenas de 0 a 7 anos e as súas familias, onde poderán bailar, aprender e escoitar en directo as cancións do libro-disco Tic tac toc, de Pablo Díaz.

Quen mellor para propoñerlles aos cativos e cativas cancións para disfrutar dunha tarde en familia e para seguir cantando no coche e na casa ca este músico gañador do premio Martín Códax na categoría de música infantil polo seu segundo traballo, Toc toc (2013), e autor, ademais, doutras propostas de éxito, como Tic tac (2010) e Xente miúda, moita fartura (2014).

No concerto Tic tac toc, Pablo Díaz -acompañado de Diego Barral (guitarras) e de Álex Fente (acordeón)- ábrese ao mundo dende a lingua galega incorporando ritmos e sentires de latitudes diversas (Brasil, Cuba, Os Estados Unidos...) sen abandonar os temas que conforman o universo próximo dos nosos nenos e nenas. Poderedes disfrutar desta actividade na Estrada, en Narón, Verín, Vilalba, Boqueixón, Palas de Rei, Celanova, Barbadás, Outeiro de Rei, Burela, O Grove, Ponteareas, Outes, Boiro, O Carballiño, A Cañiza, A Laracha, Betanzos e Santiago de Compostela, cun concerto de peche especial no caso da capital galega.

Coma sempre no FalaRedes, a entrada é libre e de balde ata completar a capacidade das salas. Toda a información sobre a nova edición xa está dispoñible no Portal da Lingua Galega (www.lingua.gal/falaredes), nas redes sociais da RDL e na Axenda de Cultura de Galicia.



@Falaredes



Rede de Dinamización Lingüística

TIC TAC TOC

MARZO

Sábado 25: **A Estrada**, no Teatro Principal
ás 12:30 horas

Domingo 26: **Narón**, no Auditorio Municipal
ás 18:00 horas

ABRIL

Sábado 1: **Verín**, no Auditorio Municipal,
ás 18:00 horas

Domingo 2: **Vilalba**, no Auditorio Municipal
Carmen Estévez, ás 18 horas

Domingo 9: **Boqueixón**, na Casa da
Cultura de Camporrapado, ás
18: horas

Sábado 15: **Palas de Rei**, na Casa da
Cultura, ás 20:00 horas

Domingo 16: **Celanova**, no Auditorio
Municipal Ilduara, ás 18:00
horas

Sábado 22: **Barbadás**, na Casa da Cultura,
ás 19:00 horas

Domingo 23: **Outeiro de Rei**, na Casa da
Cultura, ás 12:00 horas

Domingo 23: **Burela**, na Casa da Cultura, ás
18:00 horas

Sábado 29: **O Grove**, na Casa da Cultura
Manuel Lueiro Rey, ás 18:00
horas



MAIO

Sábado 6: **Ponteareas**, no Auditorio
Reveriano Soutullo, ás 12:00
horas

Sábado 6: **Outes**, no auditorio da Casa
da Cultura, ás 20:00 horas

Domingo 7: **Boiro**, na Casa da Cultura, ás
18:30 horas

Sábado 13: **O Carballiño**, no Auditorio
Municipal, ás 12:30 horas

Sábado 13: **A Cañiza**, no auditorio da Casa
da Cultura, ás 19:30 horas

Domingo 14: **A Laracha**, na Casa da
Cultura, ás 12:00 horas

Domingo 14: **Betanzos**, na Aula de Cultura
Xulio Cuns, ás 18:00 horas

Sábado 20: **Santiago de Compostela**, na
Sala Ángel Brage do Auditorio
de Galicia, ás 18:00 horas

